

2

0



1

7

Do 27 de setembro  
ao 5 de novembro de 2017

Casa das Artes

CONCELLO  
DE VIGO



# Os mundos de Carlos Casares



## A EXPOSICIÓN

A exposición Os mundos de Carlos Casares ten como obxectivo celebrar a vida e a obra do escritor ourensán (1941-2002) na clave dun percorrido vital, unha viaxe polo espazo e polo tempo. Construindo un mapa emocional, debuxando un territorio, contando unha historia coas súas propias palabras.


Máis alá da intención retrospectiva, a exposición presenta diferentes marcos nos que se desenvolven as relacións de Carlos Casares co mundo, nunha sucesión de territorios simbólicos: Paisaxes, Luzadas, A viaxe, “Conviña...” e O redondel, que van explicando as cuestións fundamentais da súa vida, da súa produción literaria e do seu compromiso co país e coas súas xentes.

Cinco espazos metafóricos diferenciados, pero permeables grazas a unha coidada montaxe fundamentada na transparencia, que permite debuxar escenas e activar experiencias sociais, políticas, educativas e artísticas. A cartografía resultante devolve unha imaxe que aspira a ser completada polo público; unha viaxe de ida e volta, circular, que permitirá revisitarse a escena cultural galega nas cinco últimas décadas do século XX, recuperando unha visión de Carlos Casares e dos seus lugares que aspira a conectar coas xeracións máis novas.



## A ESTRUTURA

A estrutura da exposición é un deseño orixinal de Xoán Creus e Covadonga Carrasco, realizado en madeira e inspirado na escrita de Carlos Casares, transparente e sinxela, e na súa afección pola mecánica cuántica e a bioloxía molecular. Xorde da ensamblaxe de 885 barras de 60x60 centímetros, 65 taboleiros e 25 maletas. Esta estrutura fractal proporciónalle unha gran flexibilidade na adaptación a espazos expositivos de diferentes tamaños e formas. Ao ser unha estrutura autoportante de madeira, sen outros materiais de unión, nin elementos de ancoraxe ao chan, convén non apoiarse nela nin colgarse dos elementos horizontais.



## AS ETAPAS NOS MUNDOS DE CARLOS CASARES PAISAXES – ETAPA 1.

Unha familia plural. Infancia na Limia: Xinzo, Lamas, Sabucedo, Santa Baia de Beiro. A estadia no Seminario Menor. Entre a Academia Santa Mariña e o Instituto de Ourense. Comezos literarios e contacto con Vicente Risco. Os artistíñas e *O' Volter*.

## LUZADAS – ETAPA 2.

Un poeta universitario. Os amigos e as palabras: contacto con Ramón Piñeiro. *Vento ferido*. Raimon e a faísca do galeguismo. A conferencia de López Aranguren. Os primeiros pasos dun profesor: Viana do Bolo e Bilbao. Novas publicacións.

## A VIAXE – ETAPA 3.

O contacto con Kristina Berg. Primeiras viaxes por Europa. Inicios do xornalismo literario. Primeira tradución: *O Principiño*, de Antoine de Saint-Exupéry. Escritor e profesor no Instituto de Cangas do Morrazo. Entrada na Real Academia Galega. *Ilustrísima*.

## “CONVIÑA...” – ETAPA 4.

O traballo parlamentario: a I Lexislatura do Parlamento Galego. A viaxe á URSS. “Á marxe”, nova proposta de xornalismo literario. De Cangas a Vigo. O ensaio biográfico: sobre Vicente Risco e Otero Pedrayo. Galaxia e o oficio de editor. *Os mortos daquel verán*.

## O REDONDEL – ETAPA 5.

“Á marxe” como dietario: á conquista da popularidade. Un PEN Club para Galicia. *Deus sentado nun sillón azul*. Un coleccionista de vocación. Viaxes a Europa e América. A presidencia do Consello da Cultura Galega. *A vida do padre Sarmiento*. O Expreso da Literatura. *O sol do verán*.



## CARLOS CASARES E A FUNDACIÓN

Carlos Casares Mouriño (Ourense, 1941- Vigo, 2002) é unha das figuras centrais da literatura galega do último terzo do século XX. A súa produción escrita abrangue un amplo catálogo de xéneros entre os que se pode debullar o relato breve (*Vento ferido*, 1967; *Os escuros soños de Clío*, 1979), a novela (*Deus sentado nun sillón azul*, 1996; *O sol do verán*, 2002); a literatura e o teatro infantil (a saga de Toribio, ou *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, 1973), a literatura xornalística (*A ledicia de ler*, entre 1975 e 1992; *Á marxe*, entre 1982 e 2002) ou o ensaio e a biografía sobre figuras importantes da cultura galega como Curros Enríquez, Vicente Risco, Anxel Fole, Ramón Piñeiro ou Otero Pedrayo. Tradutor de Saint-Exupéry, María Gripe ou Ernest Hemingway, foi gañador de numerosos premios da Crítica, do Losada Diéguez, da Xunta de Galicia e do Premio Otero Pedrayo. Foi director da Editorial Galaxia, membro da Real Academia Galega e tamén presidente do Consello da Cultura Galega, posto que ocupou ata o seu repentino falecemento, o 9 de marzo de 2002. A Fundación Carlos Casares créase en setembro dese mesmo ano, baixo a presidencia de Kristina Berg, viúva do escritor, para se converter nunha entidade que se encarga non só do estudo e difusión da obra literaria de Casares, senón para ser un centro de reflexión sobre o desenvolvemento cívico, social e cultural, realizando toda clase de actividades tendentes a afortalar o proceso de normalización lingüística e cultural de Galicia.

### Comisarios:

Chus Martínez Domínguez  
e Gustavo A. Garrido

### Deseño e montaxe:

CREUSECARRASCO  
e Carpintería Forma

### Produción audiovisual:

Miramemira  
FROQ



# Os mundos de Carlos Casares



ORGANIZA:

FUNDACIÓN



Casa das Artes  
Policarpo Sanz, 15. Vigo

Do 27 de setembro ao 5 de novembro de 2017

Luns a venres: de 18:00 a 21:00 h

Sábados: de 12:00 a 14:00 e de 18:00 a 21:00 h

Domingos e festivos: de 12:00 a 14:00 h

DEPUTACIÓN  
PONTEVEDRA

